

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 25 DE XANEIRO DE 2018

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, don Manuel Rivas Caridad, do PP.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de xaneiro de 2018, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201801251901210000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de marzo de 2017, á sesión extraordinaria do día 27 de abril de 2017, á sesión ordinaria do día 27 de abril de 2017, á sesión ordinaria do día 25 de maio de 2017, á sesión extraordinaria do día 15 de xuño de 2017 e á sesión ordinaria do día 29 de xuño de 2017

Acceso á videoacta: Minuto 00:00:35

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de marzo de 2017, á sesión extraordinaria do día 27 de abril de 2017, á sesión ordinaria do día 27 de abril de 2017, á sesión ordinaria do día 25 de maio de 2017, á sesión extraordinaria do día 15 de xuño de 2017 e á sesión ordinaria do día 29 de xuño de 2017.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- dezasete concelleiros na sesión ordinaria do día 30 de marzo de 2017 [catro concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe); os cinco concelleiros de UxC; as tres concelleiras do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto); os dous concelleiros de ACdC-

SON; un concelleiro do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez); a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]

- vinte concelleiros na sesión extraordinaria do día 27 de abril de 2017, na sesión ordinaria do día 27 de abril de 2017, na sesión ordinaria do día 25 de maio de 2017 e na sesión extraordinaria do día 15 de xuño de 2017 [os cinco concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel M^a Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe); os cinco concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito].
- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 29 de xuño de 2017 [os cinco concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel M^a Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe); catro concelleiros de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández); os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito].

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2018. Expediente número 1/2018

Acceso á videoacta: Minuto 00:03:05

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de xaneiro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total 59.176,50 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non estar conformadas no exercicio correspondente ou por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicárianse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Aprobar o expediente número 1/2018 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2018 por importe de 59.176,50 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2017/4942	18/10/2017	A15049943	AUTOMOVILES SIGRAS CARRAL, S.A.	853,00
F/2017/5183	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	437,42
F/2017/5185	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	596,80
F/2017/5189	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	292,95
F/2017/5190	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	480,71
F/2017/5195	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	517,15
F/2017/5199	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	79,70
F/2017/5203	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	343,53
F/2017/5204	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	536,82
F/2017/5205	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	948,92
F/2017/5206	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	235,89
F/2017/5207	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	286,37
F/2017/5208	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.645,66
F/2017/5209	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	416,91
F/2017/5210	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	226,40
F/2017/5212	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	551,29
F/2017/5213	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	660,02
F/2017/5214	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	173,99
F/2017/5473	18/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	664,97
F/2017/5478	18/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	725,65
F/2017/5500	22/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	297,66
F/2017/5520	22/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	131,83
F/2017/5521	22/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	130,56
F/2017/5522	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	10,88
F/2017/5523	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	200,65
F/2017/5524	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	40,16
F/2017/5525	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	85,74
F/2017/5526	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	238,14
F/2017/5527	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	143,76
F/2017/5528	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	78,36
F/2017/5531	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	84,37
F/2017/5532	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	26,22
F/2017/5534	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	275,82
F/2017/5535	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	377,47
F/2017/5537	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	263,37
F/2017/5548	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	60,85
F/2017/5549	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	241,70
F/2017/5550	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	33,55
F/2017/5551	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	145,31
F/2017/5552	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	38,71
F/2017/5553	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	221,21
F/2017/5554	23/11/2017	B70444484	XESNOVA PATRIMONIO AVANZADO, S.L.	176,30
F/2017/5557	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	109,52
F/2017/5558	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	62,18
F/2017/5559	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	4,97
F/2017/5560	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	54,30
F/2017/5561	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	124,61
F/2017/5562	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	238,43
F/2017/5563	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	465,37
F/2017/5564	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	31,24
F/2017/5565	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	12,75
F/2017/5566	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	136,72
F/2017/5567	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	93,32

CVD: 6OR80a9HiFwdzjYiH+Lq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2017/5568	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	302,03
F/2017/5569	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	124,52
F/2017/5570	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,76
F/2017/5571	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	156,32
F/2017/5573	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	280,32
F/2017/5574	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	97,38
F/2017/5575	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	222,02
F/2017/5576	24/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	243,89
F/2017/5624	30/11/2017	B80255201	TERRA ARQUEOS, S.L.	400,00
F/2017/5737	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	408,47
F/2017/5738	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	200,26
F/2017/5740	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	91,06
F/2017/5741	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	228,98
F/2017/5742	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	71,27
F/2017/5743	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.153,28
F/2017/5744	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	291,22
F/2017/5746	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	67,95
F/2017/5752	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	556,20
F/2017/5753	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	232,74
F/2017/5754	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	469,84
F/2017/5755	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.921,60
F/2017/5756	06/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	504,01
F/2017/5757	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	450,27
F/2017/5758	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	964,20
F/2017/5759	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	636,00
F/2017/5760	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	280,85
F/2017/5761	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	79,28
F/2017/5762	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	311,38
F/2017/5763	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	898,84
F/2017/5764	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	889,02
F/2017/5765	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	430,41
F/2017/5766	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	202,82
F/2017/5767	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	63,02
F/2017/5768	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	75,25
F/2017/5769	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	164,62
F/2017/5770	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	639,34
F/2017/5772	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.049,28
F/2017/5773	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.125,87
F/2017/5774	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	577,75
F/2017/5775	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	338,15
F/2017/5776	07/12/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	443,59
F/2017/5778	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	86,47
F/2017/5779	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	54,14
F/2017/5780	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	158,99
F/2017/5782	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	33,40
F/2017/5783	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	135,77
F/2017/5784	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	118,68
F/2017/5785	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	156,14
F/2017/5786	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	23,21
F/2017/5791	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	16,81
F/2017/5803	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	142,28
F/2017/5804	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	52,28
F/2017/5805	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	60,71
F/2017/5806	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	62,68
F/2017/5807	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	89,92
F/2017/5808	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	143,32
F/2017/5809	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	39,83
F/2017/5810	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	141,10

CVD: 60R80a9HiFwdzjYiH+Lq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2017/5811	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	176,25
F/2017/5812	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	140,31
F/2017/5813	07/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	54,11
F/2017/5814	08/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	25,47
F/2017/5815	08/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	334,24
F/2017/5816	08/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	109,78
F/2017/5817	08/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	11,47
F/2017/5818	08/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	7,39
F/2017/5819	08/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	254,08
F/2017/5820	08/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	141,51
F/2017/5821	08/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	398,70
F/2017/5822	08/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	109,92
F/2017/5823	08/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	80,44
F/2017/5824	08/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,14
F/2017/5825	08/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	171,51
F/2017/5826	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	170,44
F/2017/5827	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	303,73
F/2017/5828	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	177,46
F/2017/5829	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	181,23
F/2017/5830	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	169,58
F/2017/5831	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	254,49
F/2017/5832	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	158,62
F/2017/5833	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	76,92
F/2017/5834	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	356,88
F/2017/5835	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	326,26
F/2017/5836	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	327,90
F/2017/5837	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	46,06
F/2017/5838	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,99
F/2017/5839	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	202,71
F/2017/5840	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	161,66
F/2017/5841	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	368,03
F/2017/5842	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	158,26
F/2017/5843	09/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	610,01
F/2017/5844	10/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	283,38
F/2017/5845	10/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	175,49
F/2017/5846	10/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	90,08
F/2017/5847	10/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	38,93
F/2017/5848	10/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	110,50
F/2017/5849	10/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	100,67
F/2017/5850	10/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	122,48
F/2017/5851	10/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	174,92
F/2017/5852	10/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	207,32
F/2017/5853	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	17,52
F/2017/5854	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	18,34
F/2017/5855	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	60,97
F/2017/5856	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	53,98
F/2017/5857	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	397,65
F/2017/5858	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	16,69
F/2017/5859	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	96,39
F/2017/5860	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	95,54
F/2017/5861	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	37,32
F/2017/5862	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	74,84
F/2017/5863	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	149,54
F/2017/5864	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	81,86
F/2017/5865	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	66,56
F/2017/5866	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	107,64
F/2017/5867	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	36,18
F/2017/5868	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	155,67



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2017/5869	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	152,40
F/2017/5870	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	142,16
F/2017/5871	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	125,07
F/2017/5872	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	22,26
F/2017/5873	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	261,48
F/2017/5877	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	147,98
F/2017/5878	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	121,25
F/2017/5879	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	401,20
F/2017/5880	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	31,39
F/2017/5896	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	92,46
F/2017/5897	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	195,42
F/2017/5899	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	306,66
F/2017/5900	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	97,96
F/2017/5902	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	79,59
F/2017/5903	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	121,83
F/2017/5904	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	95,60
F/2017/5908	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	187,05
F/2017/5911	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	213,46
F/2017/5916	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	104,25
F/2017/5917	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	237,16
F/2017/5918	11/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	351,00
F/2017/5919	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	172,22
F/2017/5920	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	232,97
F/2017/5921	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	531,46
F/2017/5922	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	150,81
F/2017/5923	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	407,81
F/2017/5924	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	37,95
F/2017/5925	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	201,39
F/2017/5926	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	377,33
F/2017/5927	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	25,58
F/2017/5928	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,87
F/2017/5929	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	36,20
F/2017/5930	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	213,29
F/2017/5931	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	298,25
F/2017/5932	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	128,79
F/2017/5933	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	49,79
F/2017/5934	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	233,23
F/2017/5935	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	85,78
F/2017/5936	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	41,77
F/2017/5937	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	68,86
F/2017/5938	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	33,99
F/2017/5939	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	152,75
F/2017/5941	12/12/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	141,78
F/2017/6109	21/12/2017	B70384615	KNESSEN KORPS, S.L.	465,85
F/2017/6175	28/12/2017	B70477377	CHAS GESTAL, S.L.	726,00
F/2017/6176	28/12/2017	B70084272	DINAMO XESTION DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAI S, S.L.	150,00
F/2017/6183	28/12/2017	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	31,15
F/2017/6185	28/12/2017	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	12,50
F/2017/6186	28/12/2017	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	40,85
F/2017/6188	28/12/2017	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	120,26
F/2017/6206	29/12/2017	B70408869	ARTABRA COMUNICACION, S.L.	302,50
F/2018/13	01/01/2018	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	398,45
F/2018/14	01/01/2018	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	404,93
F/2018/15	01/01/2018	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	40,31
F/2018/16	01/01/2018	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	42,77
F/2018/37	02/01/2018	B15128143	FRIPOR S.L.	484,46
F/2018/47	03/01/2018	B70462247	GALICIA LIMPIA, S.L.	314,60
F/2018/55	03/01/2018	B15157894	FONTANERIA EL PARAGUAS, S.L.	89,54

F/2018/57	03/01/2018	B15157894	FONTANERIA EL PARAGUAS, S.L.	527,56
F/2018/69	03/01/2018	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.	804,76
F/2018/75	04/01/2018	A36603314	EDITORIAL GALAXIA S.A.	167,98
F/2018/90	04/01/2018	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	154,13
F/2018/91	04/01/2018	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	87,00
F/2018/95	04/01/2018	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	72,29
F/2018/123	05/01/2018	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.	355,59
F/2018/212	08/01/2018	A28517308	EULEN, S.A.	260,27
F/2018/213	08/01/2018	A28517308	EULEN, S.A.	519,09
F/2018/214	08/01/2018	A28517308	EULEN, S.A.	247,26
F/2018/215	08/01/2018	A28517308	EULEN, S.A.	78,05
F/2018/219	08/01/2018	B15679780	UNIVERSO VISUAL, S.L.U.	261,36
F/2018/240	03/01/2018	B70203518	CREARTE SERVIZOS CULTURAI, S.L.	400,00
F/2018/249	03/01/2018	76559203T	PERNAS HERMIDA MATILDE	798,60
F/2018/252	09/01/2018	A28517308	EULEN, S.A.	380,91
TOTAL				59.176,50 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 18 de xaneiro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Proposta de solicitude á Xunta de Galicia de execución da obra “Itinerario peonil e ciclista na AC-214, A Casilla, Cambre”, e cesión dos terreos necesarios para tal fin

Acceso á videoacta: Minuto 00:05:06

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 15 de xaneiro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Por parte da Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia, estase elaborando o proxecto de itinerario peonil e ciclista na AC-214 A Casilla-Cambre, téndose requirido ao Concello de Cambre a colaboración para a cesión dos terreos afectados pola execución da dita obra.

Unha vez levadas a cabo as xestións oportunas cos propietarios afectados, pola entidade por Acuatea Técnicas Aplicadas S.l.p., elaborouse un documento, rexistrado de entrada ao núm. 0/302, o 15 de xaneiro de 2018, que contén:

- 1.- Informe de situación das parcelas con numeración dos terreos (un total de 12) constando de forma expresa a cesión, no seu caso (un total de 9).

2.- Planos parcelarios con identificación da superficie afectada pola obra.

3.- Documentos de cesión relativos a cada un dos terreos afectados.

3.1. Acta asinada polo propietario afectado e polo señor alcalde, na que se fai constar a conformidade coa execución do proxecto e a cesión ao Concello de Cambre dos metros cadrados de parcela afectados e condicións acordadas.

3.2. Documento gráfico con identificación da parcela e a superficie de cesión.

Tendo en conta canto antecede, propónse ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Solicitar á Xunta de Galicia que leve a cabo a execución da obra consistente nun itinerario peonil e ciclista na AC-214 A Casilla-Cambre.

Segundo: Aprobar o documento elaborado por Acuatea Técnicas Aplicadas S.l.p., co contido que quedou reflectido na exposición de motivos.

Terceiro: Ceder á Xunta de Galicia os terreos necesarios para a construción da obra tal e como consta nas actas asinadas por cada propietario afectado e nas condicións que consten en cada caso.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 18 de xaneiro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense, os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos).

O Pleno municipal, por dezaioito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Mocións urxentes en asuntos competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta: Minuto 00:12:55

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta: Minuto 00:12:58

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta: Minuto 00:13:01

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP en defensa da liberdade de expresión dos veciños do municipio. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PP en defensa da liberdade de expresión dos veciños do municipio

Acceso á videoacta: Minuto 00:13:19

Foi rexistrada de entrada ao núm. 999/019, o día 19 de xaneiro de 2018.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

«A liberdade de expresión é un dereito que, de acordo co Convenio Europeo de Dereitos Humanos (CEDH), *“comprende a liberdade de opinión e a liberdade de recibir ou de comunicar informacións ou ideas sen que poida haber inxerencia de autoridades públicas e sen consideración de fronteiras”*. En termos do convenio, o dereito á liberdade de expresión abarca tamén a liberdade de información. Este dereito, que corresponde a toda persoa, é tamén, para o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH), unha condición para o bo funcionamento da democracia.

No mesmo sentido recóllese a liberdade de expresión como dereito fundamental e irrenunciable na nosa Carta Magna.

Cando nos referimos ao marco xurídico relativo á liberdade de expresión e Internet e redes sociais, aínda que esteamos ante unha nova ferramenta de comunicación, que polo seu potencial impacto e particularidades tecnolóxicas difire dos medios de comunicación tradicionais, existirán particularidades derivadas do seu potencial tecnolóxico, pero estes principios non quedan obsoletos: os principios xerais de protección da liberdade de expresión e de información, que estableceu o Tribunal, así como os límites, deberes e responsabilidades que iso leva consigo, tamén se aplican ás publicacións e manifestacións en Internet. O TEDH así o ten manifestado explicitamente: *“Deste modo, garántese o exercicio efectivo da liberdade de expresión tamén en Internet e aplícase o réxime de garantías e límites establecido polo TEDH”*.

Así pois, os criterios que o TEDH aplica a este caso dunha publicación en Internet e redes sociais respecto da crítica política e ao debate público son os seguintes:

- *Os límites da crítica admisible para un político actuando nunha función pública, son máis amplos que respecto dun particular.*
- *Os representantes políticos están sometidos ao escrutinio tanto polos xornalistas como polo público en xeral e deben amosar un maior grao de tolerancia respecto das críticas polas súas manifestacións públicas.*

Pola súa parte o Tribunal Constitucional español amósase rotundo en idéntica doutrina:

A sentenza 613/2016, do 7 de outubro, declara: *“As persoas que desempeñan un cargo público teñen certamente o dereito a defenderse das críticas, pero tamén o deber de soportalas incluso aínda que sexan pertinaces e as consideren infundadas. Como di a sentenza desta sala 923/2001, do 11 de outubro, a crítica a persoas públicas permite unha maior flexibilidade na súa valoración pola transcendencia do tema para a sociedade, polas circunstancias varias que con unha ou outra intensidade adoitan concorrer no debate político e porque os cidadáns saben distinguir perfectamente o ámbito en que se producen doutros nos que non sería o mesmo o nivel de comprensión e tolerancia.”*

A sentenza 297/2016, considera amparada pola liberdade de expresión a crítica á acción de goberno *“incluso cando se realice de modo desapracible ou ferinte, xa que contribúen ao debate político nunha sociedade democrática.”*

Resulta de especial interese o pronunciamento do Tribunal Supremo en 2012 respecto da Carta dirixida ao alcalde na localidade de Anya (Lleida) por unha veciña da localidade, suposto no que o TS se manifesta nos seguintes termos:

“A crítica respecto do comportamento e as manifestacións de quen ostenta un cargo público como o de alcalde, aínda que poida molestar ou ferir, é lexítima e colócase dentro do ámbito constitucionalmente protexido da liberdade de expresión”, sinala a sentenza. O Supremo subliña ademais que *“non é posible antepoñer o dereito ao honor como obstáculo para o exercicio do dereito á crítica, pois a carga de asumir unha crítica severa, dura e incluso conveniente impoñe nunha sociedade democrática a quen se ve involucrado na xestión municipal”.*

Polo tanto, o dereito dos cidadáns a expresar libremente as nosas opinións e ideas é fundamental nas nosas sociedades, especialmente, no campo da crítica política e só e unicamente pode ser restrinxido pola Xustiza, pois non hai outro límite á liberdade de expresión que a lei. Por iso, as limitacións de tal dereito fundamental por parte dos poderes públicos só pode cualificarse de censura, sobre todo cando as medidas limitativas ou represoras se realizan en medios de comunicación públicos e o emisor non vulnera os límites legais vertendo opinións susceptibles de ferir a sensibilidade do público por ser ofensivas ou contrarias á moral.

É indispensable, polo tanto, que os medios manteñan a máis absoluta independencia, o que permite que poidan divulgar información e á vez formar opinión libre de calquera tipo de censura ou calquera outro tipo de inxerencia, permitindo desta maneira que o cidadán reciba información veraz, confiable e obxectiva, libre de nesgado polos intereses de goberno. En canto aos gobernantes, deben por un lado adoptar as medidas necesarias para garantir as liberdades de expresión e de difusión do pensamento, e por outro lado ser tolerantes á crítica, xa que dende o momento que se converten en figuras públicas, quedan expostos ao escrutinio público. Respecto dos medios de comunicación deben evitarse mecanismos de censura, inclusive nas redes sociais.

Lamentablemente, e en vista dos sucesos que tiveron lugar os últimos días a través das plataformas dixitais do Concello de Cambre, os ditos principios fundamentais e consagrados nas constitucións de todos os países de tradición democrática teñen sido vulnerados e limitados polo Goberno cambrés, quen vén reiteradamente suprimindo das plataformas de comunicación dixitais pagadas por todos os veciños, opinións, comentarios e reflexións de crítica política municipal vertidos por cidadáns concretos de Cambre, comerciantes ou incluso grupos políticos no exercicio do seu dereito á liberdade de expresión.

O malestar causado aos veciños e comerciantes afectados por este atropelo inxustifico e totalmente carente do máis elemental sentido democrático pasou a converterse en xeral, por inadmisíbel e insólito nun Estado de Dereito.

Pola súa parte, os medios de comunicación públicos e, así mesmo, as plataformas e instrumentos dixitais municipais financiados con fondos públicos deben de garantir a pluralidade e a representación dos diferentes sectores de opinión, xa sexan políticos, sociais ou económicos, xa que só dese modo se poderá garantir aos cidadáns a posibilidade e dereito de formarse unha opinión plural e independente, libre de inxerencias e porta de entrada á información de todos e para todos, garantindo a participación cidadá e a representación dos diferentes grupos e intereses.

En consonancia con todo o exposto e á vista das recentes e recorrentes accións do Goberno de Cambre co fin de limitar o dereito á liberdade de expresión de veciños e grupos de opinión, o Grupo Municipal Popular de Cambre propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: A inmediata creación dentro da web municipal dun espazo de opinión e información específico aberto ás asociacións de veciños e grupos políticos municipais, de modo que se garanta a pluralidade de información e a súa

representatividade no dito instrumento de comunicación, co fin de que estes poidan facer chegar aos veciños de Cambre cunha periodicidade mensual calquera tipo de información, opinión ou comunicación de relevancia ou interese municipal, garantíndose así a pluralidade de información, a transparencia, a participación e a representatividade daqueles nos instrumentos de comunicación financiados con fondos municipais.

Segundo: O compromiso firme do Goberno de Cambre de garantir a todos os veciños a posibilidade de expresarse libremente a través das plataformas sociais do Concello de Cambre, sempre que se respecten os límites legais e as opinións vertidas entren dentro do debate ou a crítica política garantida polo dereito á liberdade de expresión.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Votan en contra os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos en contra, rexeita a moción presentada polo grupo municipal do PP.

Acceso á videoacta: Minuto 00:52:51

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON para solicitar a retirada do proxecto de modificación da Lei 8/2008 de saúde de Galicia e en apoio das mobilizacións convocadas por SOS Sanidade Pública para tal fin. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de ACdC-SON para solicitar a retirada do proxecto de modificación da Lei 8/2008 de saúde de Galicia e en apoio das mobilizacións convocadas por SOS Sanidade Pública para tal fin

Acceso á videoacta: Minuto 00:53:20

Foi rexistrada de entrada ao núm. 999/014, o día 19 de xaneiro de 2018.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“A Lei de saúde de Galicia do ano 2008, estableceu as normas polas que se ten que rexer o Sistema Sanitario Público de Galicia. Esta lei contempla unha sanidade pública, universal, gratuita e de calidade, tal e como manda o Estatuto de

Autonomía de Galicia e a Constitución do Estado español. Agora a Xunta pretende cambiar esta lei mediante un proxecto que:

1. Reduce a participación social na xestión e control do sistema.

Cambia a composición dos órganos de participación e as súas funcións. Esta modificación faría imposible o control previo e a aprobación do Plan Galego de Saúde, os contratos de servizos, os concertos co sector privado, subvencións, memorias anuais, orzamentos, prestacións sanitarias e carteiras de servizos.

Tamén modifica a composición e funcións do Consello de Saúde de Área e crea un novo Consello Asesor de Pacientes, deixando pendente a regulación da súa composición e funcionamento, responsabilidade que traslada ás xerencias de área. A Consellería de Sanidade elixirá, ademais, quen poderá participar nel, que deberán facer as entidades participantes. O proxecto suprime o artigo 25, apartado 5.d), que establecía que *'o Consello de Saúde debería coñecer os contratos de servizos sanitarios, concertos e subvencións na área sanitaria.'*

2. Reduce as áreas sanitarias e mantén as estruturas de xestión integrada (EOXIS).

Reduce as actuais áreas sanitarias de 11 a 7 coa intención de equiparalas ás estruturas organizativas de xestión integrada (EOXIS), creadas para suprimir as xerencias de atención primaria (AP) que foron absorbidas polos hospitais. Deste xeito a AP quedou sometida a hospitalaria perdendo orzamento e autonomía, polo que o sistema sanitario volve ao modelo curativo (reparación do dano) en detrimento da promoción e prevención, moito máis racional e eficiente para a saúde da poboación.

3. Desmantela e recorta os recursos dos hospitais comarcais, que achegan a atención hospitalaria á poboación rural afastada dos grandes hospitais.

Preténdese eliminar as Áreas Sanitarias de Monforte, A Mariña, Barco de Valdeorras e o Salnés, polo que os seus hospitais pasarían a depender dos hospitais das estruturas de xestión integrada (EOXIS) de Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo. As áreas dos hospitais comarcais transfórmanse en distritos sanitarios que son estruturas territoriais de menor rango, capacidade de xestión, orzamento e recursos.

4. Mantén e consolida a selección dos traballadores sanitarios por libre designación, en lugar de por coñecemento, mérito e capacidade demostrada en probas, exames e concursos.

Esta decisión perpetúa a arbitrariedade e enchufismo na contratación do persoal sanitario, en detrimento da calidade de atención, da equidade e da xustiza.

5. Consolida a privatización de formación, investigación e innovación do sistema sanitario público galego. Mantén e amplía a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, parasitada por laboratorios e empresas tecnolóxicas e fondos de investimento internacional. Desta maneira o SERGAS financiará e poñerá os seus centros, profesionais, equipamento e pacientes, ao servizo da experimentación de laboratorios, multinacionais e fondos de investimento, que farán grandes negocios cos seus resultados: O SERGAS pagará a investigación e as multinacionais comercializarán os resultados. Preténdese poñer o sistema sanitario público ao servizo do desenvolvemento empresarial, en lugar de garantir a saúde da poboación.

Debemos ser conscientes de que está en xogo a sanidade pública, que ata agora protexeu o ben máis importante que temos como é a saúde. O sistema sanitario público é algo que conseguimos entre todos e todas coa democracia. Se deixamos que o privaticen, as xeracións futuras non nolo perdoarán.

Polo exposto, o grupo municipal de ACdC presenta ao Pleno para a súa aprobación, se procede, a seguinte proposta de **ACORDOS**:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia á retirada do proxecto de modificación da Lei galega de saúde.

Segundo: Instar á Xunta á apertura dun proceso de debate e negociación participativa para:

- Manter e reforzar os hospitais comarcais para garantir a asistencia de saúde a toda a poboación en condicións de igualdade.
- Recuperar as xerencias de atención primaria, que recuperen a súa autonomía e capacidade resolutiva, para promover e prever a saúde da poboación.
- Desenvolver e potenciar a formación, investigación e innovación con recursos públicos.
- Potenciar a participación social, sen exclusións, en todas as estruturas do sistema sanitario.
- Garantir a equidade de acceso ao sistema dos mellores profesionais e traballadores con base en criterios de igualdade, mérito e capacidade.

Terceiro: Apoiar explicitamente a mobilización convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública para o vindeiro 4 de febreiro en Santiago de Compostela pola retirada do proxecto de modificación da Lei 8/2008 de saúde de Galicia.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe),

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta: Minuto 01:15:57 – Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, dá conta da retirada da moción presentada polo seu grupo, relativa á defensa animal e loita contra a contaminación acústica en Cambre, para o seu estudo e debate.

Acceso á videoacta: Minuto 01:19:29 – Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), dá conta da retirada da moción presentada polo seu grupo para a creación dun *mercadillo* de obxectos usados entre particulares, para o seu estudo e debate, e coa intención de presentar a proposta como un rogo no vindeiro pleno ordinario.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta: Minuto 01:23:49

Este punto non foi utilizado.

4.2. Rogos

Acceso á videoacta: Minuto 01:23:53

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/024 o día 22 de xaneiro de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - *Acceso á videoacta:* Minuto 01:23:57

Lee o rogo dona Marta M^a Vázquez Golpe.

Poucos eventos teñen recibido tan unánimes queixas respecto da súa organización e resultados negativos como a Cabalgata de Reis celebrada este ano en Cambre. Queixas xustificadas non só pola evidencia dos veciños que asistiron a tal evento e comprobaron o cúmulo de despropósitos no que se converteu a “non cabalgata”, senón tamén polo comentario xeneralizado nas nosas rúas, corroborado nas redes sociais. Queixas e comentarios que trataron de minimizarse, e incluso silenciarse, coa desaparición na propia páxina web do noso concello das críticas a esta, e que levaron ao concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade a realizar, a petición propia, unha comparecencia nas comisións informativas do pasado xoves 18 de xaneiro.

Cabalgata encadrada entre os eventos programados pola dita concellería para o pasado Nadal. Eventos dos que se deu cumprida publicidade, como xa vén sendo tradicional, coa emisión dun novo panfleto, o quinto, que os veciños de Cambre volvemos recibir nos nosos domicilios e que vén a sumarse aos editados dende as concellerías do BNG a partir da súa entrada, hai apenas un ano, no goberno municipal de Cambre, isto é, o do evento denominado “Noutrora”, celebrado en Semana Santa, e os enviados con ocasión da programación primaveral, estival e outonal das dúas concellerías nacionalistas.

Dende o Grupo Municipal Popular veuse preguntando sistematicamente ao equipo de goberno a canto ascendía cada unha das tiraxes desta propaganda institucional enviada a todos os veciños do noso municipio, que parece ascender a 2.800 euros e que entendemos, agás que se nos manifeste o contrario, que outros 2.800 euros teñen sido gastados novamente nesta tiraxe; co que, polo menos, máis de 14.000 euros de fondos públicos saíron das arcas municipais de Cambre para financiar estes folletos das dúas concellerías nacionalistas de Cambre.

Dunha exame dos eventos realizados e publicitados polas ditas concellerías, apréciase unha evidente e sistemática desproporción entre a programación e medios destinados a eles e o seguimento e interese amosado polos nosos veciños. De aí que se poida afirmar que, nin os actos programados para debater que é o que realmente conmemora o 12 de outubro, celebrar o centenario da Revolución Rusa, proclamar a Segunda República española no Parque da Igrexa ou organizar coloquios onde aprender a “matar” aos nosos pais, aos nosos deuses e aos nosos mestres, teñen a mesma tradición nin o mesmo seguimento que a celebración da Cabalgata de Reis. Actos que, ademais de denotar unha evidente carga ideolóxica, entendemos realizados, polo seu escaso seguimento e interese, de costas aos nosos veciños.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade se programen as actividades da súa concellería conforme ao interese xeral dos nosos veciños, con preferencia dos que xa son tradicionais no noso calendario, como a Cabalgata de Reis, cuxo desastroso resultado entendemos non se pode volver a repetir.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:27:29

Lee o rogo don Manuel M^a Mora Pita da Veiga.

No pleno ordinario do pasado mes de decembro, o Grupo Municipal Popular preguntou ao equipo de goberno sobre as medidas que se prevían adoptar para retirar, entre outros elementos, o verdello que invadía as beirarrúas, fundamentalmente as existentes na parroquia de Bribes, que foron as comunicadas polos veciños daquela parroquia; todo iso coa finalidade de evitar caídas e facilitar o tránsito aos nosos veciños.

A resposta da concelleira de Servizos foi que a máquina utilizada para retirar o verdello require auga para o seu funcionamento, auga cuxo uso está restrinxido trala situación de alerta por seca declarada pola Xunta de Galicia.

Trala dita resposta, foron numerosos os veciños que teñen alertado, tanto a este grupo municipal como ao común dos veciños de Cambre a través das redes sociais, non só da improcedencia da resposta, senón de diferentes lugares do noso municipio nos que non só as beirarrúas, senón tamén as calzadas de tránsito rodado, atópanse cubertas por unha capa de verdello, converténdose desta forma nun auténtico perigo non só para o tránsito dos peóns, senón tamén para os vehículos de tracción mecánica. Acompáñanse fotografías de distintos lugares do noso municipio que así o testemuñan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se requira, ao equipo de goberno, a adopción das medidas necesarias para erradicar o verdello e resto de elementos existentes nas nosas rúas e vías que dificultan e fan perigar o tránsito; sobre todo naqueles lugares que supoñen un perigo para a seguridade viaria ou son de acceso xeneralizado e concorrido.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo, que se executará en canto a Xunta levante a restrición imposta para o uso da auga.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:32:21

Lee o rogo don Juan M^a Abalo Castex.

No pleno ordinario do mes de agosto, o Grupo Municipal Popular requiriu á concelleira competente en materia de terceira idade, a identificación do persoal non funcionario que con ocasión da celebración da Xuntanza do Maior no pavillón deportivo dos Campóns, en Sigrás, estaba cobrando directamente aos nosos veciños nas dependencias dos servizos sociais do noso concello, así como respecto do funcionario público que asumiu a responsabilidade dos cobros así efectuados por persoal non funcionario.

En contestación á dita pregunta, a concelleira competente en materia de terceira idade identificou á persoa que ocupa o posto de persoal de confianza do PSOE cambrés como o persoal non funcionario que recibiu os pagos directamente dos veciños nas dependencias municipais, sen que ningún funcionario público asumira a responsabilidade dos cobros efectuados por este persoal.

Ante a gravidade da situación creada polo propio equipo de goberno de Cambre, no pleno ordinario do mes de setembro, dende o Grupo Municipal Popular requiriuse ao señor alcalde para que procedera, á maior brevidade posible, a esixir responsabilidades e adoptar medidas derivadas da extralimitación de funcións e o seu consentimento por parte de membros do propio equipo de goberno. Así mesmo tamén se interesou mediante escrito dirixido por rexistro ao señor alcalde, a emisión de informes de Tesourería e Intervención sobre tales pagos.

Todo o anterior a sabendas de que o persoal eventual se define no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, como "*O que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial*". É precisamente a natureza excepcional deste tipo de persoal, debido ao seu libre nomeamento, o que lle obriga a cingirse estritamente ás funcións taxadas como de confianza e especial asesoramento; sen que en ningún caso se atope habilitado para realizar as actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico, nin desempeñar as propias de postos de traballo estruturais e permanentes, tal e como vén reiterando a xurisprudencia dos nosos xulgados e tribunais.

Transcorridos máis de tres meses sen que se teña adoptado ningunha das medidas requiridas, isto é, sen que ninguén asumira ningún tipo de responsabilidade polo sucedido e sen que se teña emitido ningún dos informes solicitados por este grupo, dende o Grupo Municipal Popular, reitérase ao señor alcalde a nosa petición de informes de Tesourería e Intervención sobre tales pagos, ao que agora se engade a petición de informe xurídico,

respecto da extralimitación de funcións de persoal de confianza do goberno municipal que ten recibido cobros pola venda de entradas e as responsabilidades derivadas de tales feitos.

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, acepta o rogo en canto aos informes solicitados, que serán remitidos en breve.

Rogos de ACdeC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/026 o día 22 de xaneiro de 2018, xunto coa pregunta presentada para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:38:49

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Despois das últimas novas e tendo en conta como foi o ano de incendios e problemas coa xestión do monte e dos bosques, o noso grupo, ante a alarma que suscita a nova da talla de máis de 60 carballeiras en Cecebre, prega tomen as medidas necesarias para iniciar a declaración da fraga como lugar protexido, ENIL, segundo o Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural, no artigo 2, onde se define.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:40:25

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Tendo en conta os inherentes beneficios que ten a práctica do xadrez na infancia, o noso grupo prega que se prema á Xunta para que se estableza como materia no currículo escolar e aplicado de forma efectiva no curso académico.

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, rexeita o rogo.

4.3. Preguntas

Acceso á videoacta: Minuto 01:43:28

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/024 o día 22 de xaneiro de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:43:34

Lee a pregunta dona Rocío Vila Díaz.

En virtude de resolución 1928/2015, do 3 de novembro de 2015, ditada polo concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos e Sanidade do Concello de Cambre, aprobáronse as bases e a convocatoria de selección dun arquitecto interino para o noso concello.

Nas ditas bases recollíase como obxecto da convocatoria a de cubrir os programas de carácter temporal a realizar nun prazo non superior a tres anos restrinxidos a:

- A elaboración dos proxectos técnicos ou, no seu caso, das memorias técnicas de demolición de construcións por expedientes resoltos de reposición da legalidade pendentes de execución subsidiaria.
- A análise das construcións obxecto de expedientes de disciplina urbanística caducados para a determinación, no seu caso, da prescrición da infracción urbanística e/ou da caducidade da acción para repoñer a legalidade infrinxida co fin de incoar, se procede, os novos procedementos disciplinarios.
- A inspección das obras rematadas para practicar as liquidacións definitivas do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO).
- A elaboración dunha relación cos datos precisos das construcións non declaradas no Catastro co fin de incorporalas a este.

Como sistema de selección, a base segunda da dita resolución escollía o concurso e, entre os méritos a valorar como experiencia profesional, a base sexta 1 tan só recollía dous méritos: os servizos prestados en postos como arquitecto superior ou para os que se esixa expresamente a dita titulación nas entidades locais, así como a redacción como arquitecto superior de cada proxecto técnico de demolición de edificacións.

Todo o anteriormente transcrito, denota tanto o límite temporal para o que se convocou a dita selección, isto é, tres anos, como a especificidade das materias ás que debía restrinxirse o seu labor unha vez resolta a convocatoria.

Días atrás, o arquitecto titular do Concello de Cambre optou a un destino fóra do noso concello. Razón pola cal, a día de hoxe, a dita praza atópase vacante. Así mesmo, a selección do arquitecto interino efectuada no ano 2015, non só debería limitarse ás actividades recollidas nas bases de selección, para o cal se restrinxiron os méritos a baremar, senón que, ademais, atópase próxima a caducar.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro competente en materia de recursos humanos, como se vai solucionar a carencia de arquitecto no noso concello.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:45:59

Lee a pregunta dona M^a Jesús González Roel.

Varios son os comerciantes e empresarios do noso concello que se teñen posto en contacto cos concelleiros do Grupo Municipal Popular ante a sorpresa que lles supuxo en datas de Nadal a entrega, xunto aos seus negocios, dunhas pequenas árbores, interesándose principalmente polo custo da dita entrega e o obxectivo que se pretendía cumprir con ela.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno cal foi o custo e obxectivos de tal entrega nos comercios de Cambre.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:47:39

Lee a pregunta don Juan M^a Abalo Castex.

Coa finalidade de dinamizar o comercio do noso municipio, no mes de decembro, dende a Concellería de Promoción Económica adóitase programar actuacións dirixidas a reactivar o consumo dos nosos veciños nos comercios de Cambre.

A experiencia vivida o pasado ano coa cesión de espazos sen a máis mínima convocatoria pública da Casa da Cultura de Vila Concepción, no Temple, que incluían gasto público en publicidade para a celebración do evento “*Recuncho do Nadal*”, así como o decepcionante resultado do mercado de Nadal celebrado no Campo da Feira de Cambre, fixeron que os nosos veciños, comerciantes e empresarios foran escépticos sobre o resultado das campañas e axudas que dende o Goberno municipal de Cambre se preparaban este ano.

Unha vez rematada a campaña de Nadal para o comercio local, é hora de facer balance da campaña de Nadal levada dende a Concellería de Promoción Económica, esta vez baixo o eslogan de “*En Nadal compra en Cambre*”.

Das opinións recibidas por este grupo municipal, temos que destacar as que nos refiren o contrasentido que para algúns ten suposto que dende o propio concello se activara por un lado unha campaña de incentivo ao consumo e por outro un taller que potenciara un Nadal distinto, sen consumo, así como a deficiente publicidade, sobre todo dos premios do “*Rasca e Gaña*”, aos que se refire que non se lles ten dado a suficiente visibilidade. Queixas que se xustifican no anunciado aumento orzamentario en 10.000 €, de forma que, en palabras da concelleira de Promoción Económica, ata 40.000 € suponse foron destinados á mencionada campaña de Nadal auspiciada dende o noso concello.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente en materia de Promoción Económica sobre o resultado da campaña de Nadal, “*En Nadal compra en Cambre*”.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

Pregunta de ACdeC-SON presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 999/026 o día 22 de xaneiro de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

Única pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:50:44

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Recentemente vén de publicarse na prensa unha nova respecto da actuación do Concello de Cambre contra Telefónica en relación co deficiente mantemento que esta empresa fai do seu tendido ao longo do noso concello, e máis concretamente no referido ao Cepal, na zona de Altamira.

Tendo en conta que o noso grupo leva varios plenos reiterando que ese problema existe coas demais compañías que teñen tendido no noso concello en máis dun punto, e que as actuacións destas empresas responsables foi, cando menos, lenta, o noso grupo municipal pregunta:

Nun futuro terase a mesma determinación co resto de problemas desta índole que se poidan presentar?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

Preguntas de C's presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/025 o día 22 de xaneiro de 2018.

1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:51:50

Lee a pregunta dona M^a José García Hidalgo.

Exercer un control sobre a recollida e tratamento de certos residuos que con posterioridade son vertidos á rede podería permitirnos:

- xerar un histórico que nos aportase datos para saber se se trata de vertidos domésticos ou xurro de animais e cantas veces ao ano
- cantas veces se solicita a prestación deste servizo e con que periodicidade por parte dun mesmo usuario, e
- coñecer cal é a trazabilidade deste traballo

Por todo isto preguntamos:

Algún departamento do concello analiza as traxectorias de recollidas e vertidos á rede polas empresas autorizadas?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:53:32

Lee a pregunta dona M^a José García Hidalgo.

No pasado pleno de decembro de 2017, o Goberno afirmou que as vivendas de protección oficial son un obxectivo a cumprir, incluso detallaron que serían 166 vivendas e ademais destas, 20 vivendas serían para o concello, do tipo vivendas de protección oficial. Por iso, preguntamos:

Como pensa o equipo de goberno dotar a este concello de vivendas de protección social e que propiedades dispón Cambre que se adapten a iso, para poder desenvolver un Plan de vivenda VPO ou VPA?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:56:03

Lee a pregunta dona M^a José García Hidalgo.

O pasado martes 16 fíxose público que Gas Natural desistía de continuar co seu proxecto para a subministración en Caranza e Esteiro. Ás alegacións presentadas polos veciños afectados e o propio concello, a compañía non presentou ningún recurso, polo que a consellería desestimou o dito proxecto.



Á vista desta noticia preguntamos:

Ten coñecemento de que medidas tomou o equipo de goberno de Cambre respecto do problema dos veciños da Barcala vista a decisión tomada pola consellería a prol dos veciños de Caranza e de Esteiro?

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia